

EMIGRACIÓN E INTEGRACIÓN ECONÓMICA. A INSERCIÓN SOCIOPROFESIONAL DOS GALEGOS EN ARXENTINA: O CASO DE AVELLANEDA E LANÚS, 1939-1960

Ruy Farías

RESUMO

Tras a fin da Segunda Guerra Mundial, desenvolveuse o último ciclo da emigración galega a Arxentina. Tendo como marco cronolóxico os anos que discorren entre 1946 e 1960, e a partir da utilización do Rexistro de Matrícula do Consulado General de España en Bos Aires, o presente traballo analiza a integración socioeconómica do grupo galaico nos municipios bonaerenses de Avellaneda e Lanús, unha área que, polas súas características marcadamente industriais e proletarias, representa un caso cualitativamente distinto ao da veciña urbe porteña. *Palabras clave:* Arxentina, segunda posguerra, emigración galega, integración socioeconómica.

ABSTRACT

The period following the end of World War II marked the final stage of Galician emigration to Argentina. Focusing on the period 1946 to 1960 and using the Registry of the General Spanish Consulate in Buenos Aires as a source, this work analyses the socio-economic integration of Galicians in the municipalities of Avellaneda and Lanús, province of Buenos Aires, which differ in quality from the city of Buenos Aires itself as particularly industrial and proletarian municipalities.

Keywords: Argentina, post-war period, Galician emigration, socio-economic integration.

Recibido: 10-12-2011 Aceptado: 16-12-2012

INTRODUCCIÓN

Ata hoxe, a maior parte dos estudos dedicados a pescudar entre os múltiples aspectos da presenza galega en Arxentina tiveron o seu centro na etapa de emigración «masiva» (1880-1930). Como hai algún tempo sintetizara N. De Cristóforis, os que si traspasaron a liña 1930/1936 tenderon de xeito preferente ao estudo do exilio republicano ou dos condicionantes e efectos das políticas migratorias do réxime franquista en relación coas ideas, metas e iniciativas do Goberno arxentino. Consecuentemente, pouco informan sobre a realidade da colonia nos anos que van desde o peche da inmigración libre e as características xerais da «última vaga» migratoria galaica cara á beira occidental do Río da Prata, entre 1946 e 1960, cando o país foi novamente o principal destino americano da emigración galaica a Hispanoamérica¹. Debido a isto, resulta evidente a necesidade de novos achegamentos con base empírica cuantitativa e suficientemente representativa das diversas dinámicas e indicadores de integración sociolaboral e patróns de mobilidade social dos emigrantes galegos no país. E, sobre todo, o estudo doutras áreas cualitativamente distintas a Bos Aires, nas que tamén se produciu unha importante instalación do colectivo galaico. Só así, estaremos en condicións de discutir ou matizar as quizais abusivas xeneralizacións da realidade observada na urbe porteña que, ao noso entender, forxaron unha imaxe algo distorsionada do inmigrante galego en Arxentina, onde este permanece ancorado sempre e en todo lugar ao sector terciario da economía ou, como moito, o seu destino está asinado por unha especie de vía de ascenso social que —de maneira case invariable— o conduce do emprego en situación de dependencia no sector secundario ou terciario da economía ao *contapropismo* neste último.

Ata certo punto, o baleiro historiográfico pode ser atribuído á escaseza de fontes idóneas para a súa abordaxe. Os problemas do investigador das migracións hispanas en Arxentina que aspire a presentar imaxes diferenciadas rexional e localmente son moi visibles. Non só persiste o vello problema da exacta cuantificación do número de emigrantes galegos arribados ao país², senón que, ademais, a destrución e/ou perda das «cédulas censuais» arxentinas,

1. Vid. De Cristóforis (2008: 78). Con todo, varios dos traballos que compoñen o volume colectivo *Baixo o signo do franquismo: emigrantes e exiliados galegos na Arxentina*, coordinado pola mesma autora e recentemente publicado (De Cristóforis, 2011), supoñen un importante paso adiante na materia.

2. Non obstante, nos últimos anos, a paulatina dixitalización e informatización dos Libros de Desembarco do porto de Bos Aires por parte do Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos (CEMLA) mitigou bastante este problema. Vid. De Cristóforis (2008: 80-2), Cózar Valero (2012: 52-3).

sumado á escasa utilidade da maioría dos resumos estatísticos (consecuencia da excesiva agregación dos seus datos), impiden calquera aproximación estatisticamente fiable a algunhas das cuestións máis transcendentales en relación coa integración desas persoas na sociedade de destino. Ademais, se polo xeral as fontes que abarcan o conxunto da poboación tenden a ser escasas en detalles particularizantes, aqueloutras máis amplas en canto ao tipo de información que brindan (como a provincia ou comuna de nacemento) acostuman ser máis restrinxidas no universo de emigrantes que se ocupan³.

Con todo, existe unha fonte nominativa, pouco explotada aínda, que encerra un gran potencial para o do último ciclo da inmigración galega en Arxentina: o Rexistro de Matrícula do Consulado General de España en Bos Aires (en diante, RMC)⁴. Nas páxinas que seguen, servíremonos deste para aproximarnos tanto á importancia (relativa e absoluta) do grupo étnico-rexional galego dentro da colonia española dos actuais *partidos* (municipios) de Avellaneda e Lanús como ás características da súa integración socioeconómica neles, entre 1939 e 1960. Porén, como veremos, tampouco o RMC carece de limitacións. Tendo en conta isto, e tamén a utilidade das fontes orais para revelar aspectos de imposible abordaxe a partir doutras de distinta natureza, faremos uso dunha serie de entrevistas para completar e/ou o cadro esbozado a partir do rexistro consular.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O VALOR DA FONTE

En 1939, despois da entrega por parte das autoridades republicanas do edificio consular aos vencedores da Guerra Civil española e a desaparición do RMC orixinal, os ocupantes da legación iniciaron a confección dun novo Rexistro. Componse de libros que consignan os apelidos e nomes dos inscritos, a súa provincia e municipio de orixe, a data de nacemento, o lugar de última residencia en España, as datas de chegada ao país e da alta consular, o lugar de residencia en Arxentina e a súa ocupación⁵. A demarcación con-

3. Vid. Bernasconi (1995: 192). Os rexistros de socios das mutuas españolas ou das asociacións rexionais, pola súa parte (coa excepción do Centro Gallego de Bos Aires), perden nestes anos moita da utilidade que tiveron para estudar a inmigración en masa, debido á drástica diminución que, durante as décadas de 1940 e 1950, experimenta o número de novos asociados.

4. En Arxentina, ata onde sabemos, só M. S. Lippi (2008) e M. E. Cózar Valero (2012) fixeron uso dela para investigar, respectivamente, a inmigración ao longo do primeiro terzo do século pasado e a andaluza entre 1936 e 1960.

5. Existen, ademais, fichas individuais asociadas aos libros que complementan eses datos. Con vistas á localización espacial dos emigrantes, resulta particularmente importante o feito de que aquelas inclúan o enderezo exacto do seu lugar de residencia (así como tamén posteriores

sular de Bos Aires coincide, en boa medida, coa área de maior asentamento hispánico en Arxentina xa que non só comprende a cidade homónima e os municipios que a rodean, senón todos os do interior da provincia de Bos Aires situados ao norte da liña Pellegrini-Trenque Lauquen-Pehuajó-Hipólito Irigoyen-Bolívar-Olavarría-General Lamadrid-Laprida-Benito Juárez-Necochea⁶. De tal modo, o RMC abarca en teoría unha porción moi significativa da colonia española no país⁷.

Dada a riqueza dos seus datos e o gran volume de xente que comprende, a fonte permite tratar temas tales como o lugar de procedencia dos emigrantes, os volumes e ritmos dos diferentes fluxos, o seu patrón de asentamento na terra de acollida, a súa inserción socioprofesional e, mesmo, a súa conduta matrimonial. Vale dicir que, aínda tratándose dun documento dunha natureza distinta á das fontes censuais e estatísticas arxentinas (e que, loxicamente, non abarca a totalidade dos españois efectivamente asentados no país), fai posible compensar a ausencia ou erros daquelas (ou doutras utilizadas como alternativa), constituíndose nunha ferramenta imprescindible (e non substituíbles) para o estudo dalgunhas das características esenciais das diferentes correntes inmigratorias hispanas, nunha importante porción de Arxentina da segunda posguerra.

Non obstante, o RMC dista de ser unha fonte exenta de problemas. En primeiro lugar, é obvio que se trata dun rexistro voluntario, polo que xamais abarcará o universo total dos españois radicados en Arxentina (nin tampouco os que se instalaram na área máis acoutada da circunscrición consular). Isto, desde logo, atenta contra a valoración *exacta* do stock de españois en xeral e do peso das diferentes rexións, provincias e municipios emisores. Do mesmo xeito, pode achacárselle un nesgo importante debido á conxuntura política pois, en principio, parece razoable supoñer que os nativos das rexións que máis tempo resistiron o avance dos amotinados o 18 de xullo de 1936 non terían demasiados alicientes para se rexistraren no Consulado do novo Estado franquista (polo menos durante os primeiros anos do novo Rexistro). Isto tamén operaría en prexuízo dunha correcta estimación do stock de, por exemplo, cataláns, andaluces, vascos ou asturianos (porén, como veremos, existen

cambios de domicilio), pois no caso daqueles que viven fóra da cidade de Bos Aires os libros moitas veces só o dan por municipio, sen indicación de barrios, rúas e números.

6. Ademais, os municipios excluídos son maioritariamente rurais e carecen de cidades importantes. No ano 1991, segundo cifras do INDEC, a demarcación consular de Bos Aires incluía nada menos que o 78,7% de todos os españois radicados no país (Páez Vicedo e Molina Tembouri, 2003: 34).

7. De acordo cos nosos cálculos, tan só no marco temporal 1939-1960, contén información de entre 312 320 e 358 400 persoas.

argumentos que contradin esta idea). Por último, hai reservas en canto á súa capacidade de ilustrar perfectamente a integración socioprofesional do colectivo hispano pois, igual que ocorre coas fontes censuais arxentinas, o dato «ocupación» presenta límites en canto á súa cobertura e confianza, debido á existencia dalgúns empregos moi xerais ou sen un status definido e ao case total silencio sobre as ocupacións femininas. Con todo, aínda tendo en conta todas estas pexas, o RMC continúa a ser, na nosa opinión, a mellor fonte dispoñible para aproximarse á conformación rexional, provincial, comarcal e municipal do grupo hispano e para reconstruír, a partir de bases estatísticas, a súa integración económica naquela area de Arxentina onde a súa presenza foi numericamente máis importante.

INDUSTRIALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DEMOGRÁFICO NA ÁREA DO VELLO PARTIDO DE AVELLANEDA

Entre 1856 e mediados da década de 1940, os municipios de Avellaneda e Lanús (situados inmediatamente ao sur da cidade de Bos Aires) conformaron un único distrito inicialmente bautizado como Barracas al Sur, que pasou a denominarse Avellaneda a partir de 1904. Este territorio (fig. 1)⁸, que a comezos do último cuarto do século XIX era maiormente rural e moi pouco poboado, viviu a partir dese momento unha gran mutación que fixo del unha formidable concentración industrial.

Á altura do 1900, existían xa dúas grandes plantas de traballo de gando (os «frigoríficos»), lavadoiros de la e de tripas, muíños fariñeiros, fábricas de embutidos e de antisárnicos, fábricas metalmecánicas, de mistos, de cola e xabón, de aceites e gas, de papel de lixa, de electricidade, de ladrillos, de téxtiles, de vidro, destilarias de alcol, curtidoiros e estaleiros, xunto con innumerables talleres e as omnipresentes barracas que deron o seu nome primixenio ao municipio. Ademais, entre 1876 e 1905, ergueuse alí tamén unha impresionante estrutura portuario-exportadora. Á altura da Primeira Guerra Mundial, algúns destes establecementos daban traballo a milleiros de obreiros, xornaleiros e peóns á vez⁹. A gran expansión fabril levou consigo, pola súa vez, un forte requirimento de man de obra, o que redundou nunha transforma-

8. Ata 1944, atopábase dividido en oito circunscricións denominadas *cuarteles* que, a grandes trazos, coinciden coa dunha serie de cidades e localidades actuais. Naquel ano, os cuarteis 5º, 4º, 8º e mais unha parte do 3º foron segregados para formar un novo municipio, que recibiu o nome de Cuatro de Junio e que a partir de 1955 leva o actual de Lanús.

9. Os termos «xornaleiro» e «peón» fan referencia a unha extensa poboación de traballadores non cualificados, de gran mobilidade espacial e ocupacional.




Fig. 1: Partido de Barracas al Sur / Avellaneda, cos límites dos seus cuarteis e a división de 1944, que deu orixe ao Partido de Cuatro de Junio / Lanús. Fonte: Fernández Larrain (1986: 167).

ción da estrutura sociodemográfica e o modo de vida da área, baixo o duplo impacto da vaga inmigratoria europea (aínda que tampouco faltaron neste proceso os emigrantes internos) e a pasaxe das tarefas rurais ou semirurais ás secundarias e terciarias. Os 18 574 habitantes de 1895 convertéranse para 1914 en 144 739, aumentarían logo a 188 175 en 1925 e 233 910 en 1936¹⁰.

A Depresión de 1929 afectou duramente a ata entón moi aberta economía arxentina. A época posterior ao crack foi máis complexa, caracterizada polo deslocalización da economía internacional, as difíciles relacións comerciais con Gran Bretaña e Estados Unidos, a escaseza de investimentos, a administración das divisas e o déficit orzamentario. Non obstante, o país recuperouse con rapidez, delineáronse por entón dúas tendencias perdurables: a intervención do Estado na economía e o peche progresivo desta. Así, a mediados da década de 1930, deu comezo un novo ciclo de crecemento fundamentado no mercado interno, a substitución de importacións e o desenvolvemento

10. Vid. República Argentina (1898 II: 54, 85), Fernández Larrain (1986: 166), República Argentina (1915 II: 153), Folino (1983: 26), *Anuario Estadístico* (1937: 13).

industrial (aínda que sustentado no comercio exterior e as divisas que este provía). A opción fundamentada na potenciación da base industrial e a masa de consumidores continuou no contexto do novo conflito mundial e, a partir da chegada ao poder de Juan Domingo Perón, un Estado-árbitro cada vez máis expandido e director da economía apostou conscientemente pola defensa do sector industrial instalado, o mercado interno, os altos salarios e o pleno emprego. A produción de manufacturas estendeuse máis alá dos límites considerados «naturais», avanzou sobre o sector metalúrxico e outros tales como o dos metais, vehículos e maquinarias. Pero xunto coas empresas industriais tradicionais, medrou tamén unha ampla capa de establecementos medianos e pequenos e aumentou de forma notable a man de obra empregada, polo xeral utilizada de maneira intensiva¹¹.

No plano local, Avellaneda vivía por aqueles anos unha situación de franca expansión. Ao longo da cuarta década do século, os talleres e as fábricas continuaron substituíndo terreos ata entón baldíos, e en 1940 o municipio albergaba un dos tres emporios fabrís máis importantes do país¹². Lonxe de se deter, a radicación industrial na zona continuaría aumentando ao ritmo do afondamento do proceso de substitución de importacións alentado polo Goberno peronista. Se ben a cifra de 6728 establecementos fabrís contabilizados polo Censo Nacional Económico de 1954 para Avellaneda e Lanús resulta algo enganosa, as plantas realmente existentes empregaban nese ano nada menos que 101 211 traballadores. Por outra parte, o desenvolvemento manufactureiro distou de ser exclusivamente cuantitativo: tamén se aumentaron as plantas que (como as siderúrxicas) estaban destinadas a prover de bens e maquinarias ás xa existentes, e o Riachuelo viu transformarse o seu vello rol de eixe da industria frigorífica para pasar a ser a base do aceiro arxentino¹³.

Este notable desenvolvemento industrial determinou, pola súa vez, un novo e acelerado incremento de poboación, debido esta vez sobre todo ao desprazamento de importantes continxentes humanos que, desde o interior do país, chegaron en busca dun posto de traballo¹⁴. Porén, aínda que nunha proporción

11. Vid. Romero (2000: 96-101; 138-41; 2003: 87-8), Schwarzer (2005: 190-2).

12. Nese ano, posuía 10 243 establecementos comerciais e industriais, entre os que figuraban cinco estaleiros e talleres navais, 105 curtidoiros, 466 fábricas, catro grandes frigoríficos, 30 fundicións, 12 plantas de petróleo, refinarias e derivados, e 258 talleres. Vid. anuario *La Opinión* (1940: 4).

13. Vid. Schneider (2005: 36), Schwarzer (2005: 174-8, 216-7), Fernández Larrain (1986: 170-1).

14. A combinación do crecemento demográfico espontáneo e os cada vez máis numerosos emigrantes internos fixeron que as 400 000 persoas asentadas no territorio do vello municipio

indubidablemente inferior á alcanzada con ocasión do terceiro censo nacional de poboación (1914), cando a colonia española no municipio representaba un 21,8% da súa poboación total (13,9-15,4%, de considerar só os galegos)¹⁵, existiu tamén no período unha considerable colonia hispana na zona, integrada maioritariamente polo elemento humano proveniente de Galicia.

IMPORTANCIA DO COLECTIVO GALAICO EN AVELLANEDA ENTRE 1939 E 1960

A crise económica de 1930, cos seus efectos negativos sobre o emprego, determinou no Goberno arxentino a introdución de medidas que buscaban desalentar a inmigración¹⁶. A partir de 1936, cando a economía arxentina se atopaba xa en plena recuperación, o efecto combinado da Guerra Civil, do decreto do presidente Ortiz de 1938 (sen dúbida o maior esforzo por reducir ao mínimo a inmigración a través de mecanismos administrativos) e da Segunda Guerra Mundial, terminaron por interromper case completamente os fluxos. Tras o final do conflito, a emigración europea intercontinental volveu medrar. Mentres, o *boom* económico arxentino da posguerra converteu o país nun destino desexable para moitos habitantes do vello continente, e as cadeas migratorias establecidas con anterioridade «espertaron» e reactiváronse. Non obstante, xa a comezos da década de 1950, o cambio nas condicións socioeconómicas do país actuou como un disuasivo para os novos emigrantes e o volume dos fluxos comezou a diminuír. No caso concreto da emigración española á república austral, en 1946, o réxime franquista reinstaurou a Lei de emigración de 1924, regularizando os desprazamentos de poboación fóra de España. A isto debe engadirse a sinatura, en 1948, dun acordo bilateral co Goberno arxentino que incluía un Convenio sobre Migración, feito que favoreceu o relanzamento do proceso migratorio de España ao país austral. Estas facilidades, sumadas á paupérrima realidade galega na posguerra¹⁷, a permanencia inalterada no imaxinario colectivo de Arxentina como terra

avellanense en 1940 pasasen a ser 518 312 en 1947, e 701 929 no momento de celebrarse o quinto censo nacional de poboación (1960). Vid. Fernández Larrain (1986: 170-2), Walter (1987: 33), República Argentina (1951 I: 69), República Argentina (1963 II: 241, 359).

15. Vid. Farías (2010a: 98, 161).

16. Porén, en opinión de F. Devoto (2003: 361-3), a seria diminución dos fluxos inmigratorios debeuse máis á situación económica do país (e á diminución xeral da oferta migratoria europea) que ás restricións políticas, relativamente ineficaces ata 1938.

17. Sobre a situación económica de Galicia na posguerra, vid. Carmona Badía e Fernández González (2005: 261-93).

de promisión e a omnipresente actuación das redes microsociais preexistentes explican por que ata 1960 o país continuaría figurando como un dos principais destinos da emigración galega¹⁸. Porén, unha mirada máis exhaustiva amósanos que a parte máis importante deste proceso se deu nun lapso cronoloxicamente moi limitado, desenvolveuse en 1948, tivo valores máximos en 1950 e unha forte caída a partir de 1951¹⁹.

Aínda que ata agora non foi posible determinar con exactitude o número de galegos arribados á República austral na segunda posguerra, sabemos que dos 634 222 españois que saíron cara á América entre 1946 e 1960, 291 400 (45,9%) naceran en Galicia. Tendo en conta que o 37,4% de todos eses emigrantes (237 190) tomaron o camiño de Arxentina, pode conxecturarse nuns 108 870 o número de galegos que arribaron ao país neses anos. Pola súa parte, o traballo desenvolvido por M. E. Cózar Valero a partir dos Libros de Desembarco do porto de Bos Aires indica a chegada de 295 644 españois entre 1936 e 1960, dos que o 48,8% (unhas 144 000 persoas) serían galegos. Por outra parte, polo menos en 1949 e 1950, un 80% destes emigrantes asentáronse na capital arxentina, mentres que o outro 16% o fixo en zonas urbanas e semi-urbanas da provincia de Bos Aires²⁰.

De acordo cos censos de poboación arxentinos, en 1947 vivían no país 749 392 españois, mentres que en 1960 o seu número era de 715 585²¹. Partindo destas cifras, e aceptando como válida a tradicional afirmación de que ao redor dun 50-55% dos inmigrantes hispanos en Arxentina naceu en Galicia²², é factible ponderar para un e outro ano a existencia dun «piso» de ao redor de 375 000 e 357 000 galegos, respectivamente. Por desgraza, non nos é posible coñecer con certeza cal era neses anos o volume exacto do stock hispano no territorio do antigo partido de Avellaneda pois os recontos aludidos non desagregan a poboación estranxeira nos municipios. Por isto, teremos que deducir a cantidade de galegos presentes na área a partir do cruzamento dos datos obtidos da fonte consular coas cifras do *Censo Nacional de Población 1960*.

Tomamos do RMC unha mostra aleatoria do 10% dos seus libros (unha folla de cada dez) entre 1939 e 1960, proporción equivalente a 31 232-35 840

18. A propósito dos fluxos e o papel das redes sociais preexistentes, vid. Fariás (2010c: 53-9; 2011: 112-24).

19. Vid. Barbero e Cacopardo (1991: 291-304), Palazón Ferrando (1995: 309-15), Devoto (2003: 188-97, 361-3, 389-424).

20. Vid. Villares e Fernández (1996: 143-56), Cózar Valero (2012: 44, 52-3), De Cristóforis (2008: 94-5).

21. Vid. Palazón Ferrando (1995: 284, 315).

22. Vid. Núñez Seixas (2010: 51).

individuos, comprendidos españois, arxentinos e outras nacionalidades, entre os cales atopamos 2081 españois de primeira xeración cuxos domicilios correspondían a Avellaneda e Lanús (5,81-6,67% das persoas inscritas ao longo do período de análise)²³. Considerando que 462 315 dos inmigrantes hispanos contabilizados polo censo de 1960 (64%) se atopaban instalados ben na Capital Federal, ben nos partidos do Conurbano Bonaerense²⁴, e aplicando a esa cifra a porcentaxe obtida na nosa mostra do RMC, podemos conxecturar en 26 800-30 800 o número de españois que por entón moraban en ambos os dous municipios. Se temos en conta, ademais, que os galegos son o 73,8% dos españois da nosa mostra (táboa 1)²⁵, resulta factible valorar nuns 19 700-22 700 a cantidade daqueles que, por entón, residían na zona.

Como xa comentamos, as porcentaxes extraídas a partir da mostra non deben ser asumidas como un reflexo exacto do stock español na zona. En primeiro lugar, trátase dun rexistro voluntario. Non obstante, é sorprendente a semellanza entre a porcentaxe de galegos sobre o total de españois que presenta a fonte consular e o que, a partir da explotación doutras fontes nominativas, determinamos no pasado para a colonia galaica na zona entre 1890 e 1930²⁶. A representatividade da fonte pode ser cuestionada tamén a partir de postular que os españois contrarios á ditadura de Francisco Franco non correrían a inscribirse no Consulado. Esta crítica, en aparencia razoable, leva consigo, porén, o prexuízo (moi estendido entre os medios republicanos e os exiliados da época, en ocasións asumido de modo acrítico pola historiografía) do carácter tendencialmente profranquista dos galegos, identificación apriorística falsa que, no caso particular dos que moraban en Arxentina, omite o feito indiscutible de que a colectividade galaica no país apoiou masivamente a causa republicana²⁷. E, no caso concreto de Avellaneda, o Partido coñeceu

23. Extraeuse toda a información desas persoas dispoñible nos libros, así como tamén a atopada en 455 fichas individuais. Tendo en conta anteriores experiencias no uso de fontes nominativas para o estudo do colectivo hispano na zona, consideramos que estes dous millares de casos son unha mostra suficientemente confiable para realizar as inferencias que desenvolvemos nas páxinas que seguen.

24. Vid. República Argentina (1963 I: 12; II: 258), Palazón Ferrando (1995: 315).

25. Elaborada a partir de 2080 españois para os que foi posible coñecer o grupo étnico-rexional e o sexo.

26. De acordo coas Actas de Matrimonio elaboradas polas delegacións do Rexistro Civil na zona, os galegos foron, entre 1890 e 1930, un 68,2% de todos os emigrantes hispanos. Pola súa parte, o Rexistro de Socios n.º 4 da Asociación Española de Socorros Mutuos de Avellaneda desvelou para o período 1891-1930 unha porcentaxe apenas menor: 65,9%. Vid. Farías (2010a: 151-7).

27. Vid. Montenegro (1997), Núñez Seixas e Farías (2009).

Táboa 1: Composición rexional e sexual dos españois residentes en Avellaneda e Lanús, 1939-1960

Rexión ou grupo étnico-rexional	Sexo masculino		Sexo feminino		Total casos		Índice de masculinidade
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	
Andalucía	33	2,8%	26	2,8%	59	2,8%	127%
Aragón	4	0,3%	7	0,8%	11	0,5%	57%
Asturias	62	5,3%	52	5,7%	114	5,5%	119%
Baleares	6	0,5%	3	0,3%	9	0,4%	200%
Canarias	6	0,5%	3	0,3%	9	0,4%	200%
Castela a Nova	20	1,7%	20	2,2%	40	1,9%	100%
Castela a Vella	34	2,9%	31	3,4%	65	3,1%	110%
Cataluña	37	3,2%	19	2,1%	56	2,7%	195%
Estremadura	6	0,5%	3	0,3%	9	0,4%	200%
Galicia	862	74,1%	672	73,3%	1534	73,8%	128%
León	54	4,6%	38	4,1%	92	4,4%	142%
Levante	13	1,1%	17	1,9%	30	1,4%	76%
País Vasco	25	2,1%	23	2,5%	48	2,3%	109%
Dubidosos	1	0,1%	3	0,3%	4	0,2%	33%
Total	1163	100,0%	917	100,0%	2080	100,0%	127%
Total non galegos	301	25,9%	245	26,7%	546	26,3%	123%

un gran número de comités de axuda de ámbito exclusivamente galaico²⁸. En consecuencia, non atopamos razón suficientemente sólida para considerar que os nados en Galicia (menos aínda os dunha zona proletaria como a estudada) poderían ter, por afinidade política, unha propensión a inscribírense no Consulado español maior que, por exemplo, a de vascos ou cataláns. De feito, unha análise máis profunda ben podería terminar por descubrir que, lonxe de atoparse sobrerrepresentada, a colonia galega na zona estivo (cando menos ata o comezo da última vaga migratoria cara a Arxentina) infrarrepresentada no RMC. Por isto, independentemente da maior ou menor fiabilidade dos números absolutos que inferimos a partir da análise da mostra tomada, consideramos que a fonte permite demostrar que, nas tres décadas que seguiron ao final da inmigración masiva, se mantivo a enorme supremacía numérica que entre 1890 e 1930 xa posuía o colectivo galaico sobre o resto dos grupos étnico-rexionais hispanos²⁹.

28. Fariás (2010a: 534-42).

29. Se atendemos á orixe provincial dos emigrantes hispanos, comprobamos que a maioría procede das catro provincias galegas: A Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, co 31, 15,9, 14,3 e 12,7% do total, respectivamente. No período 1890-1925, esas mesmas proporcións foron:

A INTEGRACIÓN ECONÓMICA

Para F. Devoto, en liñas xerais, o proceso de integración económica dos inmigrantes europeos en Arxentina da segunda posguerra resultou de éxito, polo menos no curto prazo. Accederon a posicións laborables estables de tipo manual (sobre todo cualificadas), e en moitos casos incorporáronse a outras non manuais, convertéronse en propietarios das casas que habitaban, gozaron dos servizos do particular «estado de benestar» arxentino e, nun sentido amplo, engrosaron as clases medias urbanas³⁰.

Se ben a imaxe de inserción socioprofesional do inmigrante galego vai gañando complexidade a medida que sucesivos traballos abandonan as miradas impresionistas (fundamentadas fundamentalmente en fontes de tipo cualitativo) para desenvolver pescudas de carácter máis empírico, resulta, porén, evidente que, se en algo deixou pegada o inmigrante galaico, foi na súa ocupación nos servizos e no pequeno comercio urbano e semiurbano³¹. Este feito, polo demais, é o reflexo dunha integración económica que, como resumira X. M. Núñez Seixas, se concretou de modo preferente (pero non exclusivo) no sector dos servizos urbanos, en postos de baixa e media cualificación³². Seguindo o razoamento de J. C. Moya, pensamos que, á hora de analizar a integración económica do grupo galaico na zona, só a combinación metodolóxica da análise cuantitativa e cualitativa permitirá evitar as conclusións parciais (ou erróneas) que poden derivar do feito de apoiarse nun único tipo de documentos³³.

O tema da inserción socioprofesional dos emigrantes e da súa mobilidade social atópase con serias dificultades en relación coas fontes dispoñibles para o seu tratamento, sexa desde un enfoque macro, como o de G. Germani (fundamentado en datos censuais editados), sexa desde aqueles outros que realizan un seguimento temporal dos individuos a través das planas orixinais dos censos. Non só porque o dato «ocupación» presenta serios límites de cobertura e confiabilidade (debido á existencia de ocupacións sumamente xerais ou sen un status definido, ao feito de consignar só unha ocupación e ao case total silencio sobre as ocupacións femininas), senón tamén porque estas fontes

A Coruña (29,7%), Lugo (17,2%), Pontevedra (15,5%) e Ourense (7,5%). O grao de semellanza entre un e outro lapso temporal é realmente notable. Vid. Farías (2010a: 165-7).

30. Vid. Devoto (2003: 422).

31. Sobre a imaxe que a sociedade arxentina forxou a propósito da integración socioprofesional dos inmigrantes galegos, vid. Núñez Seixas (2002), Lojo *et al.* (2008).

32. Vid. Núñez Seixas (2010: 55).

33. Vid. Moya (2004: 17, 246).

non discriminan as orixes rexionais, o que fai imposible desligar con seguridade a información referida aos galegos da que corresponde ao resto dos españois. No período que estamos analizando o panorama é, con todo, aínda peor: os resumos estatísticos dos censos nacionais de poboación de 1947 e 1960 practicamente non din nada sobre os diferentes colectivos inmigrantes, e as cédulas censuais simplemente non existen. Por isto, e igual ca outros antes que nós (M. L. Da Orden, 2005; M. Ceva, 1991; Moya, 2004; etc.), vémonos na obriga de acudir a outro tipo de fontes, co fin de intentar reconstruír o indicador ocupacional dos inmigrantes galegos entre 1939 e 1960.

No noso caso, esa fonte será, principalmente, o RMC. Desde logo, o Rexistro carece das limitacións que acabamos de sinalar para as fontes arxentinas. Isto é particularmente grave en relación co emprego feminino, cuxa manifestación máis evidente é a enorme proporción de galegas que aparecen adscritas a ocupacións definidas como «os seus labores», o que, pola súa vez, deriva no seu encadramento moi probablemente excesivo dentro da categoría ocupacional dos «Traballadores domésticos». Con todo, hoxe en día é a única fonte que fai posible reconstruír a estrutura socio-ocupacional do colectivo galaico na zona desde unha base estatística.

A partir dos datos consignados no RMC, construímos a táboa 2³⁴, que reúne nunha serie de categorías de ocupación os múltiples oficios e ocupacións declarados polos suxeitos que conforman a nosa mostra no momento de inscribirse no Consulado³⁵.

34. Confeccionado a partir de 1536 galegos de ambos os dous sexos inscritos no RMC entre 1939 e 1960 que conteñen datos de ocupación.

35. Categoría 1. «Traballadores urbanos non cualificados» = vendedor ambulante, camareiro, estibador, xornaleiro/a, lavalouzas, mozo, obreiro braceiro, ordenanza, peón, repartidor e sereno; 2. «Traballadores domésticos»: cociñeiro/a, costureira, doméstica, lavandeira, *mucama*, pasador/a do ferro, servizo doméstico, os seus labores, zurcidora; 3. «Traballadores urbanos cualificados»: axustador, albanel, axudante de maquinista, camiseiro/a, carpinteiro, carroceiro, chapista, chofer, cocheiro, condutor, cortador, curtidor, electricista, engraxador, ferroviario, gráfico, garda, latoeiro, xardineiro, limpador, maquinista, mecánico e aprendiz de mecánico, metalúrxico, modista, *motorman*, panadeiro e obreiro/a panadeiro/a, pasteiro, perruqueiro/a, pintor, pulidor, radiotécnico, rebaixador, *señalero*, soldador, tabaqueiro, tapiceiro, tecelán/a, tranviario e tranviario xubilado. 4. «Traballadores artesáns» = debuxante, ebanista, fresador, fundidor, gravador, ferreiro, impresor, xoieiro, licorista, marmoreiro, marroquineiro, mobleiro, reloxeiro, xastre, torneiro e zapateiro; 5. «Empregados» = corredor, corredor de comercio, dependente, dependente de almacén, comercio ou ferrocarril, empregado e viaxante; 6. «Comerciantes e industriais» = carniceiro, comerciante, comisionista e industrial; 7. «Funcionarios e profesionais» = avogado, artista, construtor, director, enfermeiro/a, farmacéutico, enxeñeiro, mestre, poxador público, modelista, músico, óptico, xornalista, profesor/a, radiólogo e relixioso/a; 8. «Rendeiro, empresarios e empresarios pecuarios» = contratista, gandeiro, xubilado/a, xubilado do ferrocarril, pensionista, propietario e rendeiro; 9. «Traballadores rurais

Vexamos, en primeiro lugar, que ocorre cos homes. Na maior parte dos casos, as súas ocupacións inscribíense dentro das categorías dos «Traballadores urbanos» sen e con cualificación (23,6 e 22,2%, respectivamente), en tanto outro 4,1% fano entre os «Traballadores artesáns». Porén, consideramos lícito engadir a estes traballadores manuais (que de por si supoñen case a metade da mostra) unha enorme maioría dos casos «dubidosos» (11,5%) xa que, se ben se trata de «obreiros» ou «operarios» dos que non podemos precisar o seu nivel de cualificación, resulta indubidable que estes tamén se atopan entre os traballadores urbanos. De tal modo, entre 1939 e 1960 seis de cada dez homes galegos (61,4%) desempeñarían nalgún momento das súas vidas oficios manuais urbanos con e sen cualificación. Os «empregados», pola súa parte, representan o terceiro grupo en importancia (11,7%), mentres que os industriais e os comerciantes (polo xeral de xiro pequeno) constitúen un grupo moi minoritario (5,3%). Respecto do 6,5% de «rendeiros, empresarios e empresarios pecuarios», na maior parte dos casos (51 sobre 56) trátase de xubilados sobre os que non temos maiores datos, pero dos que pode presumirse que se trata de persoas con ingresos modestos. Vale a pena destacar a minoritaria pero interesante proporción de «Mariños» (4,6%), cuxa presenza é —como veremos— menos sorprendente do que inicialmente puidese supoñerse. O resto das categorías presentan porcentaxes insignificantes, como se espera nunha poboación maioritariamente urbana, industrial e proletaria. Igualmente, non resulta estraño que algunhas ocupacións con alta incidencia entre os españois de Bos Aires (como a de encargados de edificios ou almaceneiros, que o imaxinario colectivo asociou ferreamente coa condición de galego) non presenten na nosa mostra nin un só caso.

Resulta interesante comparar os cambios na estrutura socio-ocupacional do período 1939-1960 coa daquel das migracións masivas (táboa 3)³⁶.

non especializados» = agricultor e labrador; 10. «Traballadores rurais especializados» = leiteiro e *yerbatero*; 11. «Pequenos empresarios agrícolas» = quinteiro; 12. «Mariños» = mariñeiro, mariñeiros de pesca, pescador e tripulante; 13. «Estudantes» = estudante; «dubidosos» = freiteiro, téxtil, obreiro/a, operario/a, fogueiro. Confeccionamos a táboa seguindo un modelo cuxa utilidade demostraron os traballos de E. Miguez (1993: 149-50), M. Iriani Zalakain (2000: 136-7) e Da Orden (2005: 74-5). Non obstante, realizamos nos cadros elaborados por estes autores algunhas modificacións que, ao noso entender, os adaptan mellor ao caso de Avellaneda entre 1939 e 1960.

36. Confeccionado a partir de 1923 galegos de sexo masculino atopados nas AM correspondentes aos anos 1890-1907, 1910, 1914, 1920, 1925 e 1930, e de 822 inscritos no RMC entre 1939 e 1960. Co fin de eliminar a posible presenza de menores de idade sen emprego remunerado ou que se atopaban cursando estudos, non se colleu do RMC aqueles que tivesen menos de 18 anos no momento da inscrición.

Táboa 2: Inserción socioprofesional dos galegos de ambos os dous sexos en Avellaneda e Lanús (1939-1960)

Categoría ocupacional	Homes		Mulleres		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
1. Traballadores urbanos non cualificados	202	23,6%	2	0,3%	204	13,3%
2. Traballadores domésticos	9	1,1%	523	77,0%	532	34,7%
3. Traballadores urbanos cualificados	190	22,2%	20	2,9%	210	13,7%
4. Traballadores artesáns	35	4,1%	0	0,0%	35	2,3%
5. Empregados	100	11,7%	7	1,0%	107	7,0%
6. Comerciantes e industriais	45	5,3%	3	0,4%	48	3,1%
7. Funcionarios e profesionais	5	0,6%	7	1,0%	12	0,8%
8. Rendeiros, empresarios e emp. pecuarios	56	6,5%	3	0,4%	59	3,8%
9. Traballadores rurais non especializados	9	1,1%	0	0,0%	9	0,6%
10. Traballadores rurais especializados	2	0,2%	0	0,0%	2	0,1%
11. Pequenos empresarios agrícolas	1	0,1%	0	0,0%	1	0,1%
12. Mariños	39	4,6%	0	0,0%	39	2,5%
13. Estudantes	27	3,2%	31	4,6%	58	3,8%
Dubidosos ou sen datos	135	15,8%	76	11,2%	201	13,1%
Ningunha	0	0,0%	7	1,0%	10	0,7%
Total	855	100,0%	679	100,0%	1534	100,0%

En principio, obsérvanse variacións importantes no peso relativo dalgúns das categorías ocupacionais, o que parece indicar unha sensible mutación do tipo de inserción socioprofesional. O cambio máis notorio é, desde logo, a redución da proporción de «traballadores urbanos non cualificados» a menos da metade. Tamén se produciu un importante descenso na proporción daqueles que revistan como «comerciantes e industriais», e outro algo menor entre os «empregados». Por outra parte, medrou (ben que de maneira modesta) a porcentaxe de «traballadores urbanos cualificados», «rendeiros, empresarios e empresarios pecuarios», «mariños» e —aínda que de xeito xa case imperceptible— tamén entre os «traballadores domésticos», «traballadores artesáns», «funcionarios e profesionais», «traballadores rurais non especializados» e «estudantes».

Agora ben, en primeiro lugar, cómpre ter presente que, se a porcentaxe do apartado «dubidosos ou sen datos» aumentou do 1,5 ao 15,7%, en 87 de 129 casos, trátase de «obreiros» ou «operarios». Aínda que descoñecemos a súa cualificación, é evidente que deberían ser engadidos ben á categoría 1, ben á 3, o que elevaría a porcentaxe de traballadores manuais urbanos (con ou sen cualificación) a un 62,8%, xa non moi lonxe do 70,4% do período 1890-1930.

Táboa 3: Inserción socioprofesional dos homes galegos en Avellaneda e Lanús (1890-1930 e 1939-1960)

Categoría ocupacional	1890-1930		1939-1960	
	N.º	%	N.º	%
1. Traballadores urbanos non cualificados	986	51,3%	200	24,3%
2. Traballadores domésticos	12	0,6%	9	1,1%
3. Traballadores urbanos cualificados	295	15,3%	187	22,7%
4. Traballadores artesáns	70	3,6%	34	4,1%
5. Empregados	293	15,2%	100	12,2%
6. Comerciantes e industriais	187	9,7%	45	5,5%
7. Funcionarios e profesionais	5	0,3%	5	0,6%
8. Rendeiros, empresarios e empresarios pecuarios	5	0,3%	56	6,8%
9. Traballadores rurais non especializados	15	0,8%	9	1,1%
10. Traballadores rurais especializados	3	0,2%	2	0,2%
11. Pequenos empresarios agrícolas	3	0,2%	1	0,1%
12. Mariños	21	1,1%	39	4,7%
13. Estudantes	0	0,0%	6	0,7%
Dubidosa, sen datos, ningunha	28	1,5%	129	15,7%
Total	1923	100,0%	822	100,0%

Por outra parte, existe tamén a posibilidade de que a redución observada entre os «traballadores urbanos non cualificados» se relacione coa mesma evolución da estrutura produtiva da área, cuxo permanente afondamento e complexización demandaría unha maior cantidade de man de obra con preparación e coñecementos. É posible que isto tamén explique a dramática diminución que, en relación co período anterior, se observa na proporción dos que declararon atoparse empregados como «xornaleiros», xa que se entre 1890 e 1930 o fixo o 23,6% de todos os cónxuxes galegos de sexo masculino, entre 1939 e 1960 isto só ocorreu no 14,6% de maiores de 18 anos³⁷. Porén, o incremento na porcentaxe dos traballadores cualificados ou artesáns non alcanza para compensar a diminución verificada entre os non cualificados. É posible, entón, que debamos contemplar tamén a posibilidade de que algúns dos traballadores que

37. «Xornaleiro» fai referencia a unha extensa poboación de traballadores non cualificados, de gran mobilidade espacial e ocupacional, unha característica determinada pola inestabilidade da demanda de man de obra, síntoma, pola súa vez, dunha economía suxeita a fortes fluctuacións cíclicas e estacionais. Con todo, no período analizado, polo contrario, a tendencia predominante foi a dun elevado nivel de estabilidade no emprego. Proba disto é o elevado grao dela no caso dos traballadores galaicos no frigorífico La Negra, como demostramos noutra parte (Farías, 2010b).

botamos en falta se atopen acollidos xa ao beneficio da xubilación. De feito, no período 1939-1960, 51 dos 56 casos incluídos na categoría 8 (que é precisamente a que rexistrou o segundo crecemento máis importante) son xubilados. Como for, o certo é que, polo menos, seis de cada dez homes galegos maiores de 18 anos continúan desempeñando tarefas manuais urbanas con e sen cualificación, o que significa que, en realidade, non ocorreron grandes cambios dentro da estrutura socio-ocupacional do grupo.

Limitándonos agora ao período 1939-1960, mellorará a inserción socio-profesional a medida que pasan os anos e aumenta o tempo de radicación no país? Co fin de responder a este interrogante, cruzamos os datos da ocupación declarada no momento de inscribirse no Consulado e os anos que esa persoa leva vivindo no país (táboa 4)³⁸.

Os resultados non resultan concluíntes. A única correlación (positiva) automática é a que corresponde á categoría 8, composta basicamente por xubilados, pois parece evidente que os notorios descenso que acostuman observarse nos rangos de tempo máis altos se atopan relacionados con ese 50% de «Rendeiros, empresarios e empresarios pecuarios» que atopamos no que vai dos 41 anos transcorridos en Arxentina en diante. No resto, as correspondencias son menos claras. Así, por exemplo, nas tres categorías máis numerosas (traballadores urbanos —con e sen cualificación— e empregados) e, tamén, na dos «comerciantes e industriais», os cursos son irregulares. Lonxe de diminuíren co paso dos anos, os «traballadores urbanos non cualificados» (categoría 1) incrementan a súa proporción no total do grupo ata pasadas as tres décadas da súa chegada ao país e diminúen un pouco ao final. Os cualificados (categoría 3), en cambio, amosan unha conduta máis errática: diminúen, aumentan, diminúen, aumentan e volven diminuír. Os «empregados» (categoría 5) soben e baixan ata o rango de 11 a 20 anos, para logo reducírense paulatinamente, quizais porque é entón cando se volven propietarios dos comercios en que hipoteticamente traballan, como parece indicar o feito de que a proporción dos «comerciantes e industriais» (categoría 6) aumenta de modo moi feble, para logo minguar ata niveis moi baixos.

Co fin de interpretar mellor a inserción profesional dos emigrantes galegos en Avellaneda e Lanús, desvelando aqueles aspectos difíciles de abarcar a partir do RMC, apelaremos aos testemuños dos protagonistas do proceso³⁹.

38. Confeccionado a partir de 634 galegos de sexo masculino, inscritos no RMC entre 1939 e 1960. Co fin de evitar distorsións, tomamos en consideración unicamente aqueles homes que chegaron ao país con 18 ou máis anos de idade.

39. Trátase de 26 realizadas a protagonistas da emigración e exilio galego naqueles municipios. A saber: María Aldrey Raíces (Santiago de Compostela, 1-XII-2004), Antonio Fernández

Categoría ocupacional		0 a 1		1 a 5		6 a 10		11 a 20		21 a 30		31 a 40		41 ou máis		Total	
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
1. Traballadores urbanos non cualificados		14	18,4%	45	20,4%	11	24,4%	21	27,6%	45	39,5%	16	25,8%	8	20,0%	160	25,2%
2. Traballadores domésticos		0	0,0%	2	0,9%	0	0,0%	2	2,6%	3	2,6%	1	1,6%	0	0,0%	8	1,3%
3. Traballadores urbanos cualificados		24	31,6%	58	26,2%	6	13,3%	21	27,6%	22	19,3%	13	21,0%	5	12,5%	149	23,5%
4. Traballadores artesanais		7	9,2%	11	5,0%	3	6,7%	3	3,9%	3	2,6%	1	1,6%	1	2,5%	29	4,6%
5. Empregados		7	9,2%	26	11,8%	11	24,4%	9	11,8%	15	13,2%	4	6,5%	4	10,0%	76	12,0%
6. Comerciantes e industriais		1	1,3%	6	2,7%	2	4,4%	6	7,9%	8	7,0%	3	4,8%	0	0,0%	26	4,1%
7. Funcionarios e profesionais		1	1,3%	0	0,0%	1	2,2%	0	0,0%	1	0,9%	1	1,6%	0	0,0%	4	0,6%
8. Rendeiros, empresarios e emp. pecuarios		0	0,0%	1	0,5%	1	2,2%	2	2,6%	7	6,1%	15	24,2%	20	50,0%	46	7,3%
9. Traballadores rurais non especializados		7	9,2%	1	0,5%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	8	1,3%
10. Traballadores rurais especializados		0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
11. Pequenos empresarios agrícolas		0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	1,6%	0	0,0%	1	0,2%
12. Mariños		8	10,5%	25	11,3%	2	4,4%	2	2,6%	1	0,9%	0	0,0%	0	0,0%	38	6,0%
13. Estudantes		1	1,3%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	0,2%
Dubidosos ou sen datos		6	7,9%	44	19,9%	8	17,8%	10	13,2%	9	7,9%	7	11,3%	2	5,0%	88	13,9%
Total		76	100,0%	221	100,0%	45	100,0%	76	100,0%	114	100,0%	62	100,0%	40	100,0%	634	100,0%

As variadas traxectorias que as entrevistas realizadas encarnan demostran os múltiples cambios de ocupación que unha persoa podía experimentar ao longo da súa vida laboral. Isto, porén, non necesariamente leva consigo un aumento na cualificación laboral nin —moito menos— a pasaxe do sector secundario ao terciario da economía, ou do traballo en relación coa dependencia ao *contapropismo*.

En canto aos traballos concretos que os galegos desempeñaron, no RMC os máis numerosos foron os de «xornaleiro / xornaleiro de fábrica / xornaleiro de fábrica de xabón» (123, 1 e 1 casos, respectivamente), «empregado» (87), «obreiro / obreiro braceiro / operario» (86/1/1), «carpinteiro / axudante de carpinteiro» (43/1), «comerciante» (42), «mariñeiro / mariñeiro de pesca» (36/1), «peón» (de albanel, de barraca, de fábrica, de ferrocarril, de garaxe, de leitería, de limpeza, xornaleiro» (40), «chofer / condutor / *motorman* / tranviario» (29/1/1/1), «mecánico» (27), «albanel» (20) e «vendedor ambulante» (20). Desde logo, varios destes rótulos continúan englobando ocupacións que poden ser moi distintas entre si. Acudindo unha vez máis ás fontes orais, é posible precisar un pouco máis a que traballos poden estar aludindo. Así, despréndese das entrevistas unha importante presenza de traballadores galegos na industria frigorífica (fundamentalmente no Anglo e La Negra —este último, ao parecer, unha verdadeira «sucursal de Galicia») ou metalmecánica (por exemplo, a SIAM), os curtidoiros e lavadoiros de la, a fábrica de tabaco Piccardo e a Fábrica Argentina de Alpargatas (ambas as dúas situadas no veciño barrio porteño de Barracas), as panadarías, o repartimento de leite, etc. Ademais, claro, daqueles que se empregaron como mariñeiros, carpinteiros, condutores de tranvías, taxis e colectivos, etc.

Enríquez (A Fonsagrada, 12-XII-2004), Silvino Rodríguez Vidal e Aurora Quiñoa Fernández (A Fonsagrada, 13-XII-2004), Estela Lucía Fernández Álvarez (A Fonsagrada, 14-XII-2004), Armando Tejedo López (A Fonsagrada, 14-XII-2004), Ángel López (A Fonsagrada, 15-XII-2004), Concepción Rodríguez Núñez *et al.* (A Fonsagrada, 16-XII-2004), Cecilia Edith Paletta Campana (A Fonsagrada, 17-XII-2004), María Nemesia Martínez Gómez (A Fonsagrada, 17-XII-2004), Héctor Antonio Naveira García (A Fonsagrada, 17-XII-2004), Serafn José Santos Varela (San Carlos de Bariloche, 30-I-2005), Antonio Lojo Romero (Lanús, 1-IV-2005), Perfecto Canosa Marcote e María Inmaculada Canosa Castro (Fisterra, 14-III-2006), Mabel Álvarez (Lanús, 28-VII-2006), Beatriz Rivera Ramos (Avellaneda, 29-XI-2006), Jesús Mira Moure (Lomas de Zamora, 1-XII-2006 e 17-I-2007), Josefina González González (Lomas de Zamora, 1-XII-2006), Alberto Rivas Lorenzo (Bos Aires, 17-VI-2008), Héctor Raúl Capece (Avellaneda e Quilmes, 24-VII-2008 e 10-IX-2008), María Lucinda Folgueiras Lombardero (Bos Aires, 1-XI-2008), José Creo Castro (Avellaneda, 19-VI-2009) e Fidel Álvarez Pérez (Lanús, 20-VI-2009).

O TRABALLO FEMININO

Ata agora, referímonos exclusivamente ao traballo masculino, que ocorre co feminino? Se regresamos á táboa 2, vemos que o 77% das galegas atopadas no RMC foron rexistradas como ocupadas en «tarefas domésticas». En 499 dos 523 casos comprendidos nesa categoría (95,4% dela e 73,5% do total feminino) trátase de amas de casa que, aparentemente, se dedican única e exclusivamente a «os seus labores» no seo do fogar. Se isto fose correcto, resultaría que apenas o 6,2% daquelas mulleres tería un emprego extradoméstico. Desde logo, non resulta sinxelo aceptar que nun ámbito marcadamente proletario como o dos municipios de Avellaneda e Lanús puidese existir unha poboación feminina que nas súas — partes atende unicamente as tarefas do fogar ou que, en todo caso, desenvolve a súa vida económica exclusivamente dentro do acoutado marco daquel. Non obstante, Devoto sinalou que, de acordo co *IV Censo General de la Nación* (1947), entre as estranxeiras a porcentaxe de mulleres traballadoras é moito menor que entre as nativas (se entre estas existen tres por cada home, esa proporción é de apenas sete a un entre as nadas fóra de Arxentina), algo que podería atribuírse a cambios na composición da clase obreira relacionados coa irrupción dos emigrantes internos⁴⁰.

Aínda sabendo que a nosa mostra apela a un universo teoricamente máis amplo que o considerado por aquel autor (que alude especificamente a aquelas mulleres empregadas en ocupacións industriais), corresponde preguntarse se a baixa proporción de traballadoras extradomésticas entre as mulleres galegas que presenta o RMC é unha consecuencia da mutación que acabamos de mencionar ou se se trata máis ben dun fenómeno vinculado á cultura do grupo galego. A. Bernasconi suxeriu non infravalorar a posibilidade de que os homes galaicos non visen con bos ollos que as súas mulleres traballasen fóra da casa. Pola súa parte, P. Caglio Vila afirma que, en calquera caso, entre as inmigrantes galegas en Arxentina, o cambio de traballo ou directamente o abandono da actividade laboral fóra da casa foi unha constante despois de contraeren matrimonio⁴¹. Algunhas das entrevistas realizadas aos protagonistas do proceso avalan estas ideas. Así, para unha muller de Fisterra chegada ao país en 1952, que desempeñou diferentes traballos ata quedar embarazada da súa primeira filla (tras o cal se recluíu no fogar), «los gallegos no querían que sus mujeres salieran a trabajar⁴²». Pola súa parte, un fonsagrado que

40. Vid. Devoto (2003: 410).

41. Vid. Caglio Vila (1997: 149).

42. Entrevista do autor a Beatriz Rivera Ramos.

emigrou a Arxentina naquel mesmo ano afirma enfaticamente que a maioría das mulleres do seu concello si se empregou fóra da casa, pero só mentres permaneceron solteiras: unha vez casadas acostumaban retirarse do traballo extradoméstico, debido —sostén— á idea, bastante corrente entre os homes da época, de que o lugar «natural» da muller estaba no fogar e atendendo a súa familia, sendo mesmo mal visto que aquela traballase fóra da casa, por ser un indicador de que o varón non era capaz de soste-la súa familia⁴³. De tal xeito, ao parecer a maioría das galegas radicadas na zona si exerceron tarefas remuneradas (formais e informais) fóra das súas casas. Pero tamén parece ser certo que isto ocorreu sobre todo mentres permaneceron solteiras, retirándose moitas do traballo extradoméstico unha vez contraído matrimonio.

Volviendo ao RMC, e tendo en conta o nesgo xa comentado do case absoluto encadramento da muller dentro da categoría dos «traballadores domésticos», a fonte parece confirmar, como tarde a partir da terceira década transcorrida en Arxentina, a correlación maior tempo transcorrido no país / confinamento da muller nas tarefas domésticas (táboa 5)⁴⁴.

E igual parece desprenderse da análise dos escasos datos referente a traballadoras urbanas cualificadas, cuxa proporción descende logo do primeiro lustro (aínda que con vaivéns). En calquera caso, en que traballaron? Os testemuños recollidos apuntan a unha importante presenza destas mulleres nas fábricas frigoríficas (xeralmente na sección de conservas ou do sector das tripas), de tabaco ou téxtiles, pero tamén ao seu emprego como enfermeiras, no servizo doméstico, lavando ou pasando o ferro na súa casa «para fóra», ás panadarías e ao pequeno comercio en xeral.

O PAPEL DAS REDES

A inserción socioprofesional do colectivo galaico (tanto masculino como feminino) atopase determinada polas características da economía e/ou especialización produtiva do Partido (ou dos partidos despois de 1944)? Dada a época á que nos estamos a referir, non necesariamente: na medida en que mellora o sistema de transporte, resulta cada vez máis sinxelo separar fisicamente o traballo e o fogar. Consecuentemente, a correlación lugar de residencia / inserción socioprofesional (moi forte nos primeiros anos do século xx) debería tender a

43. Entrevista a Fidel Álvarez Pérez.

44. Confeccionado a partir de 485 mulleres galegas inscritas no RMC entre 1939 e 1960. Co fin de evitar distorsións, tomamos en consideración unicamente aquelas que chegaron ao país con 18 ou máis anos de idade.

decrecer. Por isto, sen negar a evidente incidencia da estrutura socioeconómica da zona, pensamos que só apelando a fontes de tipo cualitativo é posible desvelar o factor fundamental á hora de determinar a inserción socioprofesional: a rede social que cada individuo integra. No caso particular que nos ocupa, os testemuños recollidos demostraron de xeito concluínte o rol principal que esas redes desempeñaron como facilitadoras dunha inserción máis ou menos inmediata no mercado de traballo da sociedade de acollida.

Así, por exemplo, para Serafín José Santos Varela, emigrante de Morquintán (Muxía), cuxo pai arribou a Arxentina en 1946 e traballou primeiro facendo «changas», máis tarde na Corporación de Transportes de la Ciudad de Buenos Aires (onde conseguiu entrar —grazas aos contactos do avó de Serafín— como garda de ómnibus), para finalmente ingresar na fábrica de tabaco Piccardo:

—Ahí había una persona que era «hombre de confianza» de los jefes de Piccardo, y ese hombre de confianza era el que decía «Tomalo a este, que sirve, tomalo a este que sirve». Y así, qué sé yo, de mi familia debe haber treinta que trabajaron ahí [...].

—¿Él conocía personalmente a la gente de su familia?

—¿Este hombre? Claro, claro.

—¿Era paisano también?

—Era un paisano, claro, que los conocía. Era una persona que tenía un puesto, así, más jerárquico, y éste recomendaba. Al que recomendaba él lo tomaban.

—¿Y era también de la zona de Muxía?

—Sí, era del mismo municipio, de otra aldea⁴⁵.

Os vínculos primarios ou de connaturais son, ademais, fundamentais á hora de entender a especialización ou sobrerrepresentación do grupo en determinados oficios ou ocupacións. Un dos casos máis evidentes (que, porén, permaneceu ata hoxe pouco coñecido pola historiografía) é o dos fisterráns empregados como tripulantes nos buques da mariña mercante arxentina. A última vaga migratoria galega coincidiu coa etapa máis expansiva desa flota, que entre 1946 e 1955 duplicou a súa tonelaxe de rexistro bruto⁴⁶. Non existen dúbidas de que o ingreso masivo daqueles mariñeiros se atopa ligado, en boa medida, a esa conxuntura favorable. Con todo, como sinala con gran claridade Alberto Rivas Lorenzo (quen durante moitos anos se empregara como electricista naval nos buques-tanque da petroleira estatal arxentina), a clave explicativa reside en que os contramestres deses navíos acostuman ser os seus

45. Entrevista do autor a Serafín José Santos Varela.

46. Vid. «Breve Historia de la Marina Mercante argentina», dispoñible en <http://www.histarmar.com.ar/BuquesMercantes/HistMarinaMercArg/10Declinacion.htm>.

Categoría ocupacional	0 a 1		1 a 5		6 a 10		11 a 20		21 a 30		31 a 40		41 ou máis		Total xeral	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
	1. Traballadores urbanos non cualificados	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	1,4%	1	1,2%	0	0,0%	0	0,0%	2
2. Traballadores domésticos	40	83,3%	116	81,1%	45	88,2%	61	83,6%	72	83,7%	54	98,2%	25	86,2%	413	85,2%
3. Traballadores urbanos cualificados	5	10,4%	7	4,9%	0	0,0%	2	2,7%	3	3,5%	0	0,0%	1	3,4%	18	3,7%
4. Traballadores artesanais	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
5. Empregados	1	2,1%	2	1,4%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	3	0,6%
6. Comerciantes e industriais	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	2	2,7%	0	0,0%	0	0,0%	1	3,4%	3	0,6%
7. Funcionarios e profesionais	1	2,1%	1	0,7%	0	0,0%	2	2,7%	1	1,2%	1	1,8%	0	0,0%	6	1,2%
8. Rendeiros, empresarios e empr. pecuarios	0	0,0%	1	0,7%	0	0,0%	0	0,0%	1	1,2%	0	0,0%	1	3,4%	3	0,6%
9. Traballadores rurais non especializados	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
10. Traballadores rurais especializados	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
11. Pequenos empresarios agrícolas	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
12. Mariños	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
13. Estudantes	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
Dubidosos ou sen datos	1	2,1%	16	11,2%	6	11,8%	5	6,8%	8	9,3%	0	0,0%	1	3,4%	37	7,6%
Total	48	100,0%	143	100,0%	51	100,0%	73	100,0%	86	100,0%	55	100,0%	29	100,0%	485	100,0%

parentes ou paisanos, e intercedían perante as compañías propietarias para que os contratasen:

[...] los gallegos de Finisterre inundamos los barcos [...]. Acá se había incrementado la flota, porque durante el peronismo que nacionaliza, crea la Flota Mercante del Estado, [...] y hay lugares para embarcar [...]. Entonces, quien hizo todas las tripulaciones (digo, exagero cuando digo toda, pero [sí] la gran mayor parte) era gente que vino, inmigrantes, y la mayoría [de los] inmigrantes [eran] gallegos, y la mayoría de gallegos [era] de Fisterra [...]. Los que venían acá por regla general se embarcaban. Porque hacían una especie de cadena ¿no? Además los tipos ya tenían la «agencia de colocación» cuando llegaban. Porque llegaban acá... iban a los lugares donde estaban los paisanos [...]. Entonces, cuando venía uno nuevo [...]. «Sí, ché, pará, que yo voy a hablar...». Siempre había un gallego contraestre, que el contraestre del barco es el intermediario entre el primer oficial y el capitán, la mano derecha entre la marinería, el contraestre es la mano derecha del capitán⁴⁷.

Desde logo, convén evitar as idealizacións cándidas. En ocasións, vivir e/ou traballar cos seus familiares implicou para o novel emigrante converterse nunha especie de sufrido pseudocriado destes⁴⁸. Aínda así, na maioría dos casos que podemos recompilar, a vida e o emprego baixo a tutela dos que reclamaron e/ou financiaron representou apenas o punto de partida dun percorrido pletórico en cambios de ocupación. Mudanzas que, pola súa vez, adoitan levar consigo unha modesta pero perceptible mobilidade social ascendente. Se ben existen exemplos (como o do frigorífico La Negra) de que os traballadores galaicos de ambos os dous sexos podían permanecer moitos anos adscritos nun mesmo posto de traballo (mesmo durante toda a súa vida laboral), tamén verificamos cambios bastante radicais.

A XEITO DE PECHE

A partir da utilización do RMC, demostramos a superlativa presenza numérica do grupo étnico-rexional galego entre os emigrantes hispanos asentados nos municipios de Avellaneda e Lanús entre 1939 e 1960. Tan grande foi que, igual que ocorrera de 1890 a 1930, parece máis apropiado falar de inmigración galega na zona que doutra xenericamente española.

47. Entrevista do autor a Alberto Rivas Lorenzo, xa citada. Outras referencias soltas aparecen na entrevista do autor a Perfecto Canosa Marcote, Fisterra, 14-III-2006.

48. Algo diso transcende, por exemplo, na entrevista do autor a Perfecto Canosa Marcote, xa citada.

Tanto aquela fonte como os testemuños recollidos demostraron tamén que, nos anos que van desde o final da Guerra Civil ata o peche do ciclo migratorio galaico a Arxentina, a inserción socioprofesional do grupo continúa verificándose de xeito predominante entre os traballadores urbanos con ou sen cualificación. As fontes orais corroboraron tamén que, se ben o tipo de economía da área é un elemento relevante para explicar o anterior, o elemento explicativo máis importante á hora de explicar a especialización ou sobre-representación dalgúns agrupamentos en determinados títulos ou oficios específicos foi o papel desempeñado polas redes sociais das que esas persoas formaban parte.

Igualmente, os testemuños recollidos amosan con meridiana claridade as moitas e variadas ocupacións polas que unha persoa podía pasar ao longo da súa vida activa, así como a existencia de casos de pluriemprego. E, igualmente, contradín de xeito rotundo a idea de que o curso «natural» da mobilidade laboral dos galegos en Arxentina discorra desde o emprego en relación de dependencia ao *contapropismo* no sector terciario.

BIBLIOGRAFÍA

- ANUARIO *Estadístico año 1936*, Dirección General de Estadística de la Provincia de Buenos Aires, La Plata, Taller de Impresiones Oficiales, 1937.
- ANUARIO *La Opinión*, Avellaneda, 1940.
- BARBERO, M. I. e M. C. CACOPARDO: «La inmigración europea a la Argentina en la segunda posguerra: viejos mitos y nuevas condiciones», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, CEMLA, 19 (1991), pp. 291-321.
- BERNASCONI, A.: «Aproximación al estudio de las redes sociales migratorias a través de las listas de desembarco. Posibilidades y problemas», en M. BJERG e H. OTERO (comps.): *Migración y redes sociales en la Argentina moderna*, Tandil, CEMLA - IEHS, 1995, pp. 191-202.
- «BREVE Historia de la Marina Mercante argentina», dispoñible en <http://www.histarmar.com.ar/BuquesMercantes/HistMarinaMercArg/10Declinacion.htm>. [Última consulta: 16-XII-2012].
- CAGIAO VILA, P.: *Muller e emigración*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1997.
- CARMONA BADÍA, X. e A. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: «La economía gallega en el período franquista (1939-1975)», en J. DE JUANA e Julio J. PRADA (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel, 2005, pp. 261-93.

- CEVA, M.: «Movilidad social y movilidad espacial en tres grupos de inmigrantes durante el período de entreguerras. Un análisis a partir de los archivos de fábricas», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, CEMLA, n.º 6 (agosto 1991), pp. 345-61.
- CÓZAR VALERO, María Enriqueta: *Inmigrantes andaluces en Argentina durante la Guerra Civil y la posguerra (1936-1960)*, [Sevilla], Fundación Pública Andaluza Centro de Estudios Andaluces, 2012.
- CRISTÓFORIS, N. De: «El último ciclo de inmigración gallega en la Argentina: una aproximación a sus rasgos principales», en N. DE CRISTÓFORIS e A. FERNÁNDEZ: *Las migraciones españolas a la Argentina. Variaciones regionales (siglos XIX y XX)*, Bos Aires, Biblos, 2008, pp. 77-105.
- (coord.): *Baixo o signo do franquismo: emigrantes e exiliados galegos na Arxentina*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 2011.
- DEVOTO, F.: *Historia de la inmigración en la Argentina*, Bos Aires, Sudamericana, 2003.
- FARIÁS, R.: *La inmigración gallega en el Sur del Gran Buenos Aires, 1869-1960*, Santiago de Compostela, Universidade, 2010a.
- «Del campo a la fábrica: la inmigración española en Avellaneda y Lanús y el frigorífico “La Negra” (1900-1970)», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 66 (2010b), pp. 209-45.
- «La inmigración gallega en el sur del Gran Buenos Aires en la segunda posguerra: una mirada a partir de las fuentes consulares», *Maracanan. Revista do Programa de Pós-graduação em História da Universidade do Estado do Rio de Janeiro*, VI, 6 (2010c), pp. 47-74.
- «Un análisis de la experiencia de los emigrantes gallegos a la Argentina a través de las fuentes orales (1936-1971)», en N. DE CRISTÓFORIS (coord.): *Baixo o signo do franquismo*, 2011, pp. 111-37.
- FERNÁNDEZ LARRAIN, F.: *Historia del Partido de Avellaneda. Reseña y análisis, 1580-1980*, Avellaneda, Editora e Impresora La Ciudad S. A., 1986.
- FOLINO, N.: *Barceló, Ruggerito y el populismo oligárquico [1966]*, Bos Aires, Ediciones de la Flor, 1983.
- LIPPI, Marcela Susana: «La inmigración zamorana en la Argentina en la primera mitad del siglo XX. Factores macroestructurales y mecanismos microsociales», Tese de Mestría inédita, Universidad Nacional de Luján, 2008.
- LOJO, M. R.; M. GUIDOTTI DE SÁNCHEZ e R. FARIÁS: *Los «gallegos» en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa*, A Coruña / Vigo, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2008.

- MONTENEGRO, S.: «Republicanos, gallegos y socialistas en la Argentina: La organización de los Comités de Ayuda a la República durante la Guerra Civil Española», *Historia Nova IV*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, 1997, pp. 267-80.
- MOYA, J. C.: *Primos y extranjeros. La inmigración española en Buenos Aires, 1850-1930*, Bos Aires, Emecé, 2004.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O inmigrante imaxinario. Estereotipos, identidades e representacións dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Santiago de Compostela, Universidade, 2002.
- «Un panorama social da inmigración galega en Bos Aires, 1750-1930», en R. FARÍAS (coord.), *Bos Aires galega*, Noia, Toxosoutos, 2010, pp. 47-70.
- e R. FARÍAS: «Transterrados y emigrados: Una interpretación sociopolítica del exilio gallego de 1936», *Revista Arbor. Ciencia, pensamiento y cultura*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, n.º 735 (2009), pp. 113-27.
- ORDEN, M. L. Da: *Inmigración española, familia y movilidad social en la Argentina moderna. Una mirada desde Mar del Plata (1890-1930)*, Bos Aires, Biblos, 2005.
- PÁEZ VICEDO, C. e L. MOLINA TEMBOURY: *Españoles y pobreza en Argentina*, Bos Aires, s/e, 2003.
- PALAZÓN FERRANDO, S.: *Capital humano español y desarrollo latinoamericano. Evolución, causas y características del flujo migratorio (1882-1990)*, Valencia, Institut de Cultura «Juan Gil-Albert», 1995.
- REPÚBLICA Argentina: *Segundo Censo de la República Argentina, mayo 10 de 1895*, Bos Aires, Taller Tipográfico de la Penitenciaría Nacional, 1898, 3 tomos.
- *Tercer Censo Nacional, levantado el 1º de Junio de 1914*, Bos Aires, Talleres Gráficos de L. J. Rosso y Cía, 1915, 10 tomos.
- *IV Censo General de la Nación levantado en 1947*, Bos Aires, 1951.
- *Censo Nacional de Población 1960*, 1963.
- ROMERO, L. A.: *Breve Historia Contemporánea de la Argentina [1994]*, Bos Aires, FCE, 2000.
- «Apogeo y crisis de la Argentina vital», *Revista de las Américas. Historia y presente*, 1 (2003), pp. 85-109.
- SCHNEIDER, A.: *Los compañeros. Trabajadores, izquierda y peronismo, 1855-1973*, Bos Aires, Imago Mundi, 2005.

Ruy Farías

SCHVARZER, J.: *La industria que supimos conseguir. Una historia político-social de la industria argentina* [2000], Bos Aires, Ediciones Cooperativas, 2005.

VILLARES, R. e M. FERNÁNDEZ: *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996.

WALTER, R. J.: *La provincia de Buenos Aires en la política Argentina, 1912-1943*, Bos Aires, Emecé, 1987.